

REGULAMENTO DE RÉXIME  
INTERNO



ASOCIACIÓN CULTURAL  
MUSIVAL

## Índice:

Preámbulo .....	Páx. 3
Capítulo I Da Asociación en xeral .....	Páx. 3
Capítulo II Dos socios .....	Páx. 5
Capítulo III Dos órganos da Asociación .....	Páx. 8
Capítulo IV Réxime económico .....	Páx. 15
Capítulo V O Director .....	Páx. 16
Capítulo VI Os músicos .....	Páx. 17
Capítulo VII Campamento musical de verán .....	Páx. 18
Capítulo VIII Grupos de carga .....	Páx. 19
Capítulo IX Os delegados da Banda .....	Páx. 20
Capítulo X Os uniformes .....	Páx. 21
Capítulo XI O instrumental .....	Páx. 22
Capítulo XII Internet e as novas tecnoloxías .....	Páx. 22
Capítulo XIII Réxime disciplinario .....	Páx. 23
Capítulo XIV Garantías procedimentais .....	Páx. 26
Capítulo XV Prescripción e cancelación .....	Páx. 27
Capítulo XVI Modificación do Regulamento de Réxime Interno .....	Páx. 28
Capítulo XVII Disolución da Asociación .....	Páx. 28
Outras disposicións .....	Páx. 29

## Preámbulo

O presente Regulamento de Réxime Interno, en adiante tamén nomeado como R.R.I., responde ó contido<sup>1</sup> dos Estatutos desta Asociación.

Como se recolle nese documento, o presente regulamento desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos Estatutos<sup>2</sup>, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. Ademais, o funcionamento interno da Asociación someterase ó ordenamento xurisdiccional civil.

A Asociación Cultural Musival, decide dotarse deste regulamento para axilizar o seu funcionamento, recoller o contido dos Estatutos de forma máis accesible e formalizar as novas situacións e figuras que foron aparecendo co paso dos anos no seo deste colectivo e nas súas agrupacións afíns.

A modo de organización de toda esta normativa contamos con 80 artigos que se recollen en XVII capítulos, completándose con outras tres disposicións ademais deste preámbulo.

Este colectivo, como colaborador e organizador das actividades da Escola de Música de Valga e da Banda de Música de Valga, así como representante e intermediario dos mesmos, en numerosos ámbitos, desexa que os músicos e os seus asociados disfruten de tódalas actividades que se realicen así como cumpran e respeten os contidos deste Regulamento.

## Capítulo I Da Asociación en xeral:

### **Artigo 1º**

A Asociación denomínase “Asociación Cultural MUSIVAL”, rexistrada baixo o nº 2002/005817-1 no Rexistro Central provincial de Asociacións sen ánimo de lucro e co CIF G 36411148.

O presente Regulamento de Réxime Interno servirá para dirixir a vida asociativa deste colectivo sen prexuízo dos seus Estatutos, da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e da restante lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

---

<sup>1</sup> Capítulo V, artigo 44º dos Estatutos de Musival.

<sup>2</sup> Neste regulamento tamén se recolle parte dos Estatutos de Musival.

## **Artigo 2º**

Son fins e obxectivos desta Asociación:

1º Fomentar, coordinar e encouzar a amizade e as iniciativas entre os integrantes da Banda de Música Municipal de Valga, da Escola de Música Municipal, así como entre os seus socios e amantes da música en xeral no Concello de Valga e outras zonas limítrofes.

2º Lograr a formación musical dos seus integrantes.

3º Organizar e participar en actividades culturais e festivas de calquera índole.

4º Fomentar o coñecemento e aprecio das manifestacións musicais entre os veciños.

## **Artigo 3º**

Para sacar adiante estes obxectivos a Asociación poderá realizar as seguintes actividades:

1º Fomento e ensinanza da cultura.

2º Organización de actividades culturais e musicais.

3º Colaboración con outras asociacións, organismos e entidades.

4º Todas aquelas actividades que redunden en beneficio da cultura.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto, destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes obxectivos, sen que se poidan repartir entre os asociados nin a outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **Artigo 4º**

O domicilio principal e permanente da Asociación radicará no Auditorio Municipal de Valga, Ferreiros 1 A-Cordeiro-Valga, Código Postal 36646, teléfono 986556769.

Correo electrónico: [esmudevalga@gmail.com](mailto:esmudevalga@gmail.com)

## **Artigo 5º**

A Asociación, en función dos seus obxectivos e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia, sen esquecer outras actividades de fonda raizame no colectivo que teñen lugar en ámbitos autonómicos e estatais.

## **Artigo 6º**

A duración desta Asociación é de carácter indefinido e a súa disolución terá lugar pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos recollidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## Capítulo II Dos socios:

### **Artigo 7º**

Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas e xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

1º Solicitar a admisión como socio á Xunta Directiva. Sendo efectivo o seu ingreso despois da asemblea xeral ordinaria.

2º Ser músico, ou parente en primeiro grao<sup>3</sup> dun membro da escola de música ou banda de música en activo (excepto para os socios colaboradores e honorarios).

3º Ser maior de idade.

4º No caso de ser menor de idade, participar na asociación e integrarse na sección infantil.

5º Abonar a cota correspondente ó exercicio actual.

### **Artigo 8º**

Na Asociación Cultural Musival, coexisten os diferentes tipos de asociados:

1º Fundadores: aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.

2º Numerarios: socios que ingresaron con posterioridade á subscrición da Acta Fundacional.

3º Colaboradores: persoas ou colectivos que colaboran social e economicamente con esta Asociación á hora de levar adiante os seus fins, á vez que reciben unha especial atención en diversos asuntos.

4º Honorarios: título ou distinción outorgada pola Asemblea Xeral a aquelas persoas ou colectivos que axuden dun xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

5º Infantís: persoas menores de 18 anos pero maiores de 16 que participan na Asociación, integrados, no seu caso na sección infantil.

### **Artigo 9º**

Os asociados e asociadas terán os seguintes dereitos:

1º Tomar parte nas asembleas con voz e voto (salvo nos casos logo estipulados).

2º Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.

---

<sup>3</sup> Enténdese como parente en primeiro grao: pai, nai, titor legal ou irmáns. Neste apartado tamén poden entrar excepcións que a Xunta Directiva admita.

3º Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.

4º Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.

5º Ter copia dos estatutos e doutras normativas vixentes para a asociación.

6º Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.

7º Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.

8º Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva buscando mellorar o cumprimento dos fins da asociación.

9º Ser informado do estado de contas (gastos e ingresos) da asociación tódolos anos, así como do desenvolvemento das súas actividades.

## **Artigo 10º**

Entre os deberes dos asociados, atopamos:

1º Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.

2º Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.

3º Asistir as Asembleas Xerais.

4º Satisfacer as cotas que se establezan.

5º Observar unha boa conduta individual e cívica.

6º Cumprir os acordos da Asemblea Xeral, o contido dos Estatutos así como o contido do presente Regulamento de Réxime Interno.

## **Artigo 11º**

Para os socios numerarios e fundacionais será vixente todo o dito anteriormente ó igual que aquela normativa seguinte que sexa de carácter xeral para tódolos asociados.

## **Artigo 12º**

Os socios Colaboradores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, ós cales tampouco poderán elixir, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto, sempre dentro do papel que se lles reserve ós mesmos dentro delas.

Estes asociados, terán uns dereitos e uns deberes recollidos na proposta que a Xunta Directiva lles faga chegar anualmente, ben sexa para facerse socios por primeira vez ou para renovar dita condición.

Na súa condición de socios de Musival, veranse afectados por toda a normativa xeral que en materia de asociados estea vixente, pero sempre atendendo ás peculiaridades da súa natureza.

### **Artigo 13º**

Os socios honorarios terán unha distinción ou título honorífico que concederá a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva ou por petición de 2/3 dos asociados, ó igual que os anteriores non terán a facultade de participar na dirección da Asociación nin nos seus órganos de representación, ós que tampouco poderán elixir, e nas Asembleas Xerais terán só voz e non voto, segundo o papel que se lles reserve.

Na súa condición de socios de Musival, veranse afectados por toda a normativa xeral que en materia de asociados estea vixente, pero sempre atendendo ás peculiaridades derivadas da súa natureza.

### **Artigo 14º**

Os socios infantís participarán das actividades da Asociación pero non intervirán na dirección e órganos de representación da mesma, ós que non poden elixir. Nas Asembleas Xerais poderán falar pero non votar, segundo o papel que se lles reserve.

Na súa condición de socios de Musival, veranse afectados por toda a normativa xeral que en materia de asociados estea vixente, pero sempre atendendo ás peculiaridades derivadas da súa natureza.

### **Artigo 15º**

Os acordos de admisión de asociados e asociadas, tomaraos a Xunta Directiva unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través dun representante a solicitude deberá ser autorizada por este<sup>4</sup>, acompañada do documento que acredite a identidade do solicitante.

Para o caso dos socios colaboradores, a Xunta Directiva faralles chegar anualmente as novas condicións de asociado.

### **Artigo 16º**

A condición de asociado poderá perderse por calquera dos seguintes motivos:

1º Por vontade propia, trala notificación á Xunta Directiva.

2º Por falta de pago dunha cota anual, chegado este punto daránselle a esa persoa 45 días para realizar o pago durante os cales quedaránlle suspendidos tódolos seus dereitos como socio. Se ó final deste período a cota abonouse recuperará eses dereitos coma un socio máis, de non ser este o caso, causará baixa na Asociación.

3º Cando deliberadamente o socio impida ou poña obstáculos ó cumprimento dos fins da Asociación.

4º Cando intencionadamente obstaculice de calquera maneira ou forma o funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.

---

<sup>4</sup> Pai, Nai ou titor legal do solicitante.

5º Os dous apartados anteriores derivarán na apertura dun expediente disciplinario.

Debido a que para ser socio numerario necesítase unha ligazón familiar ou legal cun membro da Banda de Música ou da Escola de Música, no momento que esta relación cese aquelas persoas que sexan socias numerarias de Musival non poderán seguir pertencendo a esta categoría unha vez remate ese ano, non en van poden continuar como socios colaboradores se o desexan. Unha excepción a este aspecto será para aqueles que perdan esa ligazón sendo membros da Xunta Directiva xa que non perderán este estatus ata que o desexen, co automático cese no cargo, ou unha vez rematado o período establecido de mandato.

### **Artigo 17º**

A expulsión de asociados acordarase na Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a e dito acordo nos caos c), d) e e) do artigo anterior deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria, trala súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade propia o socio/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

### **Artigo 18º**

Os asociados poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado/a cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgúns dos fins da Asociación. O expediente sancionador recóllese neste R.R.I., pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

## **Capítulo III Dos órganos da Asociación:**

### **Artigo 19º**

A dirección e a administración da Asociación estarán baixo o Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral

### **Artigo 20º**

O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.



O Presidente designarao a Asemblea Xeral entre os socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

### **Artigo 21º**

Segundo os estatutos<sup>5</sup> e en consonancia coa decisión da Asemblea xeral extraordinaria celebrada o día 31 de marzo do 2010, compoñen a Xunta Directiva: o Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e un máximo de 5 vogais, ós que se unirán o director e un representante do Concello de Valga.

### **Artigo 22º**

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Estes membros elíxense mediante eleccións, as cales, deberán ser convocadas en tempo e forma. As substitucións e novas incorporacións aprobaranse en Xunta Directiva e despois ratificarse en Asemblea. A duración do mandato será de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Para optar a ser membro da Xunta Directiva é preciso ser socio numerario ou fundacional, estar ó día no pago das cotas e ter unha antigüidade de 1 ano como mínimo.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor, ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un sustituto ó tratarse dunha renuncia voluntaria.

### **Artigo 23º**

Son funcións da Xunta Directiva: programar e dirixilas actividades asociativas, levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixala data da Asemblea Xeral, fixalas cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, desinalas Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estén expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

Corresponderalle tamén a esta Xunta todas aquelas actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

---

<sup>5</sup> Capítulo III, artigo 18º dos estatutos de Musival.

Xunto a estas tamén serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

1º Proponer e resolver as sancións ou o cese dos músicos e alumnos da escola por razóns disciplinarias.

2º Recoller e estudar as suxestións e reclamacións.

3º Acordar ás actuacións da banda, oídos os seus representantes e o Director, así como organizar os preparativos.

4º Informar con antelación suficiente, salvo excepcións, ós músicos das actuacións propostas.

5º Autorizar os gastos resultantes da organización das actividades.

6º Organizar as actividades non estreitamente musicais.

7º Discutir e resolver os asuntos propostos polo director, o presidente, os directivos, os músicos e os socios, sen menoscabo das funcións atribuídas á Asemblea de socios.

8º Velar polo cumprimento do presente regulamento.

9º As relacións co Concello.

10º De estar presente algún membro da Xunta Directiva en calquera acto, tanto da banda coma da escola de música, velará polo mantemento da cordialidade, concentración e orde, podendo apartar deste ós músicos que non atendan ós seus avisos e especialmente a aqueles que impidan que outros músicos cumpran coas súas obrigas.

## **Artigo 24º**

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Estará presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e a falta de ambos, polo membro da Xunta de maior idade.

Estas reunións convocaranse polo menos 2 horas antes no caso de asuntos urxentes ou con 3 días de antelación para as reunións ordinarias.

As deliberacións serán secretas, pero os acordos deberánselle comunicar á banda ou a quen corresponda.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

A Xunta Directiva poderá convidar ás súas reunións a aquelas persoas que considere oportunas, estas, terán voz pero non voto.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

## **Artigo 25º**

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades,

ou de recadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes de comisión.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

### **Artigo 26º**

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

### **Artigo 27º**

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten alomenos o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio dun escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Na convocatoria a Xunta Directiva reservarase a opción de permitir ou non o voto delegado así como a participación de aqueles asistentes non asociados.

### **Artigo 28º**

A Asemblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria convocaranse con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas extraordinarias.

### **Artigo 29º**

Son competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- 1º Aprobala acta da reunión anterior.
- 2º Aprobalo plan de actividades.
- 3º Examinar e aprobala memoria de actividades.
- 4º Examinar e aprobalas contas e balances do exercicio anterior.
- 5º Aprobalos presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- 6º Exame e aprobación das cotas.

### **Artigo 30º**

Son competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1º Modificarlos Estatutos da Asociación.

2º Elixir ós integrantes da Xunta Directiva.

3º Aprobar a federación con outras Asociacións.

4º Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.

5º Acordar a disolución da Asociación.

6º Designar ós liquidadores.

7º Ratificar a expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva.

8º Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.

9º Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

10º As que sendo competencia da asemblea ordinaria, por razón de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

11º Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

### **Artigo 31º**

Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polo asociados asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

### **Artigo 32º**

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados 1 ó 7 do artigo 30, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e firmará o Presidente e o Secretario. A acta lerase na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

### **Artigo 33º**

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederáse por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a plantexala orde do día. Cada punto defenderá o membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contados neste Regulamento e nos Estatutos, segundo a materia da que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederáse, se a Presidencia o considera oportuno ou o solicitan alomenos un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o cal, levantarase a sesión por parte do Presidente.

### **Artigo 34º**

Tódolos acordos que infrinxan os obxectivos da Asociación recollidos no Regulamento e Estatutos poden recorrerse en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, queda expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

### **Artigo 35º**

Son funcións do presidente, entre outras:

1º Presidir e levantar as sesión que celebre a Xunta directiva e a Asemblea Xeral, dirixilas deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

2º Proponer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

3º Ordenar os pagamentos acordados validamente.

4º Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado, sendo tamén o seu portavoz, ademais do seu representante legal<sup>6</sup>.

5º Firmar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou o membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento do que se trate.

6º Adoptar calquera medida urxente para a boa marcha da banda ou que no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

7º O presidente, xunto co director, velará polo mantemento da cordialidade, concentración e orde nos ensaios e actuacións, apartando deles ós músicos que non atendan ós seus avisos e especialmente a aqueles que impidan que outros músicos cumpran coas súas obrigas.

8º O presidente poderá, en calquera momento e de forma transitoria, delegar tódalas funcións, ou algunha delas, así como a súa autoridade, no vicepresidente, no secretario, no tesoureiro ou en calquera dos vogais por orde de idade, seguindo esta xerarquía.

9º En ausencia do presidente, os arriba indicados exercerán automaticamente as súas funcións e autoridade sen necesidade de que medie una delegación previa pola súa parte.

### **Artigo 36º**

O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo: notificar as convocatorias, custodiar as actas e

---

<sup>6</sup> Artigo 17 dos Estatutos de Musival.

expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.

Ó Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

### **Artigo 37º**

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico.

O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio presupostario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas se atopen a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

### **Artigo 38º**

Os Vogais terán as seguintes atribucións:

- 1º Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- 2º Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

### **Artigo 39º**

Tódolos membros da xunta directiva merecerán o respecto dos músicos, debendo de acatarse as súas decisións. As opinións diverxentes expresaranse no seo do grupo con educación e sentido construtivo.

### **Artigo 40º**

Debido á existencia de socios infantís ou xuvenís poderá establecerse unha sección xuvenil dentro da Asociación cunha Xunta Directiva propia.

Un dos membros desta Directiva asociarase á de Musival tendo o papel que este lle outorgue.

Para esta situación atenderase á normativa vixente en asociacións xuvenís.

## Capítulo IV Réxime Económico:

### **Artigo 41º**

A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador do presuposto elabóroa o Tesoureiro da Asociación ó final do ano para que se poida aprobar en Asemblea Xeral Ordinaria.

### **Artigo 42º**

A Asociación mantense dos seguintes recursos:

1º As cotas periódicas dos asociados.

2º As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

3º As doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos, entidades privadas ou particulares.

4º Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

5º Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

### **Artigo 43º**

As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en ningún caso e adicándose a atender as necesidades da Asociación.

### **Artigo 44º**

As contas deberán ser aprobadas en Asemblea Xeral Ordinaria polos asociados.

### **Artigo 45º**

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teñan depositados os mesmos, recoñécense as sinaturas na entidade bancaria correspondentes ó Presidente e ó Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

### **Artigo 46º**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos logrados pola Asociación.

## Capítulo V O Director:

### **Artigo 47º**

A principal función do Director é o adestramento artístico da banda de música, tendo a facultade de decidir calquera cuestión relacionada con esta materia, e con todo o relativo á Escola de Música.

### **Artigo 48º**

Obrigas e funcións:

1º Asistir con puntualidade ós ensaios, actuacións e reunións da banda.

2º Preparar o programa das obras que se interpretarán nos ensaios e informar das que se interpretarán nas actuacións e nos certames competitivos, no caso de participar.

3º Decidir a participación ou non en certames competitivos, oída a Xunta Directiva.

4º Asignar a cada músico o papel que vai interpretar, tanto nas actuacións coma nos certames.

5º Decidir a incorporación de novos músicos á banda.

6º Determinar os reforzos que considere oportunos tanto para as actuacións como para participar nos certames competitivos.

7º Excluir ós músicos que considere que non están preparados para intervir nunha determinada actuación ou certame, oída a Xunta Directiva.

8º Fixar os días e horarios dos ensaios ordinarios (que serán como mínimo de 2 á semana) e tamén dos extraordinarios, establecendo a duración que terán todos eles, sempre oídos os representantes da banda.

9º Exercer a autoridade sobre os músicos, facéndose respetar.

10º Propoñer sancións ós músicos.

11º Velar polo mantemento da cordialidade, da concentración e da orde nos ensaios e actuacións, apartando deles ós músicos que non atendan ós seus avisos e especialmente a aqueles que impidan que outros músicos poidan cumprir coas súas obrigacións.

12º Asesorar á Xunta directiva en cantas cuestións crea de interese.

13º Nomear un profesor da escola de música ou un membro da banda, que considere cualificado, para substituílo en caso de que a súa presenza non sexa posible, tendo este tódalas funcións, autoridade e obrigacións que corresponden o director.

14º No caso de decidirse a creación da figura do director asistente, será decisión do director, oída a xunta directiva. O Director asistente disporá durante o seu exercicio das mesmas funcións, autoridade e obrigacións que o Director.



## Capítulo VI Os músicos:

### **Artigo 49º**

Para poder ser músico da Banda de música Municipal de Valga haberá que distinguir tres supostos:

1º Se a procedencia é da Escola de Música Municipal de Valga, será o director da banda o que decidirá se reúne as condicións e coñecementos musicais necesarios para formar parte da mesma. O ingreso na banda farase normalmente co inicio do novo curso, salvo que o director considere que hai algún alumno da Escola de Música que reúna os coñecementos suficientes para ingresar antes na Banda de Música.

2º Se a procedencia é allea á Escola de Música Municipal de Valga, deberá solicitar o seu ingreso na banda de música a través dun escrito dirixido á Xunta Directiva que, previo informe favorable do director, aprobará ou denegará o seu ingreso.

3º Se un anterior compoñente da Banda de Música de Valga, desexa voltar ó seo desta agrupación (tras pasar o tempo estipulado no seguinte artigo) deberá realizar un escrito á Xunta Directiva solicitando o reingreso e esperar a que esta decida.

### **Artigo 50º**

A baixa como músico da banda pode ser:

1º Voluntaria, cando é o propio interesado o que a solicita, firmando un modelo de baixa que existe nas oficinas de MUSIVAL. Para poder regresar haberá que deixar transcorrer 6 meses, seguindo o procedemento arriba exposto.

2º Por sanción disciplinaria.

### **Artigo 51º**

Os músicos da banda terán os seguintes dereitos:

1º Nomear a tres delegados da banda para que sexan os seus interlocutores.

2º Percibir unha gratificación anual, consistente en repartir os ingresos das actuacións cobradas (unha vez deducidos tódolos gastos derivados de cada actuación) entre os músicos que participaron en cada actuación.

3º Para ter dereito a esta gratificación haberá que deixar pasar o resto do ano dende o ingreso na banda máis un ano natural enteiro tendo xa tódolos dereitos a partir de xaneiro, salvo aqueles músicos, que a xuízo do director, xa posúan uns coñecementos musicais e unha experiencia acreditada de tocar con banda.

4º Calquer outro dereito que se recolla noutros artigos deste R.R.I. e outros que a Xunta Directiva lles recoñeza.

## **Artigo 52º**

Os músicos terán os seguintes deberes:

1º Terán que cargar e descargar o instrumental que sexa necesario para as actuacións. A tal efecto constituiranse distintos grupos de carga os cales, deberán ser compensados.

2º Asistir con puntualidade ós ensaios.

3º Gardar silencio e atender ó Director.

4º Ter as carpetas (pasarrúas e concertos) ben coidadas e o día no seu contido.

5º Comunicarlle no tempo prudencial fixado (salvo excepcións) ó director, presidente ou delegados da banda as ausencias tanto a concertos coma a ensaios e o motivo.

6º Observar un comportamento exemplar nos actos da banda e escola: clases, asistencia a concertos, ensaios, actuacións, etc.

7º Respetar ó Director e á Xunta Directiva de Musival.

8º Non luxar o bo nome da Banda de Musica Municipal de Valga.

9º Solucionar as súas discrepancias internamente, seguindo a escala xerárquica: delegados, Director, Xunta Directiva, etc.

10º Coidar o material común.

11º Asistir correctamente uniformado ás actuacións.

12º Calquer outro que se recolla no articulado deste R.R.I. ou os que a Xunta Directiva lles poña.

## **Capítulo VII Campamento Musical de Verán:**

### **Artigo 53º**

A asistencia ó Campamento Musival de Verán é de obrigado cumprimento. Considérase a actividade máis importante das realizadas ó longo do ano, xa que nel se preparan as obras dos certames, novas obras para o repertorio da banda, estréitanse os lazos de amizade entre os músicos, coñécense novos lugares, etc. Ademais obsérvase un adianto importantísimo nos músicos que se van incorporando á banda.

### **Artigo 54º**

Os gastos derivados do aloxamento, manutención, etc. correrán a cargo dos músicos. Se estes tivesen actuacións que cobrar, faráselle a dedución das mesmas ata cubrir os gastos, en caso de non ter actuacións que cobrar, pagarao o propio músico.

Os músicos da banda que non asistan a esta actividade, salvo causa xustificada, perderán a mesma cantidade que os músicos que si vaian. Enténdense como causas xustificadas:

- 1º As de tipo laboral.
- 2º Enfermidade.
- 3º Ter exames de fin de curso, fin de carreira ou calquera outro que se considere transcendental nos seus estudos.
- 4º Aquelas que a xuízo da Xunta Directiva merezan tal consideración.

## Capítulo VIII Grupos de carga:

### **Artigo 55º**

Os grupos de carga son aqueles creados para colaborar nas operacións de carga e descarga durante as actuacións.

Confórmanos os compoñentes da banda de música, distribuídos atendendo a criterios de idade, procedencia xeográfica, sexo, etc.

A conformación destes grupos realízana os delegados da banda e a participación nos mesmos é de obrigado cumprimento así como non remunerada.

Tamén se considerará obrigatorio o coñecemento do grupo ó que se pertence, así coma o coñecemento da quenda de colaboración.

### **Artigo 56º**

Os grupos de carga participarán sempre que o director o estime oportuno e enténdese que a súa labor implicará, salvo excepcións, catro accións:

1. A carga antes da actuación.
2. A descarga para actuar.
3. A carga trala actuación.
4. A descarga unha vez finalizada a actuación no lugar onde se garden os obxectos.

Para realizar esta labor convocaranse con anterioridade e con antelación á hora de comezo ou saída para a actuación.

Cada un destes grupos diríxeo un líder que cordinará as operacións e será o responsable último do funcionamento do mesmo.

Unha vez finalizado todo o traballo o líder do grupo (e no caso de non estar este, a persoa do grupo na que delegue) asinará no cuadrante realizado para estes grupos, acción logo confirmada (de realizarse satisfactoriamente) en dito cuadrante pola sinatura do Director da Banda de Música.

Non é traballo dos grupos de carga carrexar cadeiras, atrás e carpetas dos músicos da banda, por ser material de uso individual, polo cal cada un dos compoñentes da banda recollerá estes elementos antes de cada actuación e devolveraos ó rematar a mesma.

### **Artigo 57º**

Cada un dos grupos de carga dirixe o líder de grupo que será o encargado de vixiar que as operacións se realicen ben e con presteza, molestando o menos posible e coa participación de tódolos restantes membros do grupo de carga.

Este líder de grupo será o responsable último das operacións de carga e descarga realizadas, deste xeito será o que firme o cuadrante (ou a persoa na que delegue) pero tamén poderá dar conta á Xunta Directiva das irregularidades que observe, para que esta, tome as medidas que considere axeitadas.

### **Artigo 58º**

A non participación ou colaboración nesta actividade que se recoñece como obrigatoria implicará a imposición de penas e castigos estipulados segundo o R.R.I. por quen teña a facultade, segundo a gravidade das mesmas.

## **Capítulo IX Os Delegados da Banda:**

### **Artigo 59º**

Os delegados da banda son tres membros da Banda de Música maiores de 16 anos, elixidos democraticamente para 4 anos, polos seus compañeiros.

### **Artigo 60º**

Entre outros, os delegados da banda teñen os seguintes dereitos:

- 1º Que a súa opinión se escoite naqueles asuntos para os que están facultados.
- 2º Ser tratados con respecto por parte dos seus compañeiros.
- 3º Aqueloutros inherentes ós restantes membros da Banda de Música.

### **Artigo 61º**

Os seus principais deberes son:

- 1º Representar ós seus compañeiros perante a Xunta Directiva e trasladar as queixas que estes poidan ter ó igual que as demandas que a Directiva queira transmitir ós músicos.

2º Formar parte da comisión da banda, xunto cun membro da directiva e o director da Banda de Música.

3º Elaborar os grupos de carga e descarga.

4º Levar o control de asistencia ós ensaios e ás actuacións.

5º Fomentar o nome da Banda de Música de Valga nas novas tecnoloxías: internet e redes sociais.

6º Calquera outra colaboración que desde a Xunta Directiva se lle demande.

## **Artigo 62º**

O mandato establecido para os Delegados da Banda será de 4 anos, rematando cando se convoquen novas eleccións á Xunta Directiva para a súa renovación total, ou esta se renove totalmente por outros medios.

Un delegado da banda, non poderá ostentar este cargo máis de 8 anos consecutivos pero se chegado a este punto, se deixa pasar un mandato polo medio, poderá volver a presentarse.

Do mesmo xeito, poderán renunciar voluntariamente ó cargo durante os 4 anos de mandato e os seus cargos non se renovarán salvo que reste só 1 delegado, motivo polo cal se convocarán novas eleccións para cubrir os postos vacantes pero sempre polo que resta do mandato orixinal.

Se algún destes representantes, incumpre claramente as súas tarefas ou realiza un uso abusivo das mesmas, a Xunta Directiva, poderá propor a súa destitución, aplicándose tamén neste caso o parágrafo anterior para a súa substitución.

## **Capítulo X Os Uniformes:**

### **Artigo 63º**

Os uniformes da banda estarán compostos por:

1º Traxe de gala consistente nun pantalón e nunha chaqueta negra, no caso dos homes, no caso das mulleres<sup>7</sup>...

2º Un traxe consistente nun pantalón e unha chaqueta azul, esta con escudo da banda (tanto para homes coma para mulleres).

3º Pagar unha fianza de 50 € por cada un dos traxes ós que teñen dereito, fianza que poderán recuperar cando entreguen os mesmos e sempre que cumpran unhas mínimas condicións como:

---

<sup>7</sup> Este punto quedará aberto. Aínda así aconséllase que a indumentaria feminina sexa o máis normal e cómoda posible, é dicir, evitar a pedrería excesiva... O que se precisa é sinxelamente, unha roupa para tocar. De non chegar a un acordo con posterioridade a Xunta Directiva poderá acordar e impoñer unhas normas.

- 3.1. Estar en boas condicións.
- 3.2. Estar pranchados e limpos da tinturería.

4º Acompañar cunha camisa branca de smóking e cunha paxariña negra, cando se toque co traxe de gala e cunha camisa branca e a gravata da banda cando se toque co traxe azul. As camisas, así coma a paxariña e a gravata serán da propiedade do músico.

5º Terán que calzar, nos dous casos, zapatos e calcetíns negros.

## Capítulo XI O Instrumental:

### **Artigo 64º**

Na banda de música hai instrumentos de propiedade privada e tamén instrumentos de propiedade municipal, neste caso os músicos que os utilicen terán que ter en conta o seguinte:

1º Será o director o encargado de facilitar tal instrumental.

2º Nese momento o músico terá que cubrir unha ficha de control e identificación, non será necesario poñer unha fianza.

3º O instrumento devolverase sempre que o director o requira, debendo facer tal requirimento, polo menos, cunha semana de antelación.

4º Os arranxos motivados por un mal uso do instrumento correrán a cargo do músico.

5º Prevalecerán sempre as necesidades da banda sobre as dos músicos.

Os músicos que utilizan todo o ano os instrumentos propiedade do Concello de Valga (Tuba, bombardino, corno inglés, fagote, trombón baixo, frautín, clarinete baixo, saxo barítono, etc.) correrán cos gastos que conleve calquera arranxo do instrumento. No momento da súa devolución este deberá estar en perfectas condicións.

No que atinxe ós instrumentos de percusión, propiedade tamén do Concello, os percusionistas correrán cos gastos que orixinen ó final do ano (reposición de parches, mantemento etc.), dividindo o importe entre os mesmos.

## Capítulo XII Internet e as novas tecnoloxías:

### **Artigo 65º**

Dentro do mundo de Internet e as novas tecnoloxías a Asociación Cultural Musival tamén terá o seu espazo facéndose só responsable daqueles lugares onde figure o seu nome ou o da Banda de Música ou Escola coma páxina Web, Facebook, Tuenti,

Youtube ou calquera outra plataforma que apareza nun futuro e que esté baixo o seu directo control ou daquelas persoas a quen esta llo permita, delegados da banda.

A información contida nestes lugares será verídica e fiable posto que sae da propia Asociación, tamén será esta a que mande información e se publicite nos medios de información.

### **Artigo 66º**

Musival non se responsabiliza de calquera tipo de comentario relacionado con estas agrupacións fora dos ámbitos que esta controla, así como dos que non proveñan veridicamente da mesma Asociación. Do mesmo xeito, solicítaselles ós músicos e ós asociados que cando comenten algo nestes lugares sobre estes temas o fagan de forma respetuosa e sen incorrer en difamacións e linguaxe soez.

## Capítulo XIII Réxime disciplinario:

### **Artigo 67º**

As faltas poderán ser leves, graves ou moi graves:

#### **1º Son faltas leves:**

- 1.1. As faltas inxustificadas, non reiteradas, de puntualidade.
- 1.2. O esquecemento do material.
- 1.3. O uso de vocabulario groseiro.
- 1.4. A compostura indebida.
- 1.5. O deterioro non grave causado intencionadamente das dependencias do centro, do material do mesmo e dos obxectos e pertenzas dos demais músicos da escola e da banda de música.
- 1.6. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa non graves contra os membros da escola e da banda de música.
- 1.7. Os actos de agresión física contra os demais membros da escola e da banda de música que non teñan carácter de graves.
- 1.8. Calquera acto inxustificado, individual ou colectivo, que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

#### **2º Son faltas graves:**

- 2.1. As faltas inxustificadas reiteradas de asistencia a ensaios.
- 2.2. Non comunicar ó director, quince días antes, a non asistencia a concertos programados.
- 2.3. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa graves contra membros da escola e da banda de música

2.4. A agresión física grave contra os demais membros da escola e da banda de música.

2.5. Causar por un uso indebido danos graves nos locais, materiais ou documentos do centro ou nas pertenzas dos demais membros da escola e da banda de música.

2.6. Os actos inxustificadas, individuais ou colectivos, que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

2.7. A comisión de 5 faltas leves nun mesmo ano.

### **3º Son faltas moi graves:**

3.1. Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensa moi graves contra os membros da escola ou da banda de música

3.2. A agresión física moi grave contra os demais membros da escola ou da banda de música.

3.3. A incitación a actuacións moi prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da escola e da banda de música.

3.4. Causar intencionadamente danos graves nos locais, materiais ou documentos do centro e nas pertenzas dos demais membros da escola ou da banda de música.

3.5. As faltas tipificadas como graves se concorren circunstancias de colectividade ou publicidade intencionada.

3.6. A comisión de tres faltas graves nun mesmo ano.

## **Artigo 68º**

Polas faltas enumeradas no artigo anterior poderán impoñerse as seguintes sancións:

### **1º Por faltas leves:**

1.1. Amoestación oral privada.

### **2º Por faltas graves:**

2.1. Apercibimento, no que se incluírá un informe detallado do profesor ou do director.

2.2. Cambio de grupo ou clase do alumno.

2.3. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades da escola de música ou da banda de música, se procede, á reparación dos danos materiais causados. Estas tarefas realizaranse por un período que non poderá exceder de tres meses.

2.4. Privación do dereito de asistencia á escola de música, así como ós ensaios e actuacións da banda por un período de un a sete días.

### **3º Por faltas moi graves:**

3.1. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades da escola ou da banda de música ou, se procede, á reparación dos danos materiais causados. Estas tarefas realizaranse por un período que non poderá exceder de



seis meses.

3.2. Inhabilitación para seguir coas clases na escola e non participar nos ensaios e concertos da banda por un período que determinará a Xunta Directiva.

3.3. Inhabilitación definitiva para asistir ás clases na escola de música e participar nas actividades da banda.

## **Artigo 69º**

Ós efectos da graduación das sancións:

### **1º Considéranse circunstancias atenuantes:**

1.1. O espontáneo recoñecemento da falta.

1.2. Non ter sido sancionado con anterioridade.

1.3. No caso de que existiran danos a material ou a bens mobles ou inmobles, a súa reparación fora do horario lectivo antes da resolución do expediente.

1.4. A petición pública de excusas, estimadas como suficientes nos casos de inxurias, ofensas ou alteración do desenvolvemento das actividades da escola de música ou da banda.

1.5. Non ter a intención de causar o dano ou prexuízo tan grave coma o causado.

### **2º Considéranse circunstancias agravantes:**

2.1. Cando a substración, agresión, inxuria ou ofensa realízanse contra quen conorra a situación de menor de idade, minusvalía ou de recente incorporación á escola ou banda de música.

2.2. A existencia de intencionalidade.

2.3. A incitación ou estímulo á falta colectiva.

### **3º Graduación da sanción:**

A existencia dunha ou máis circunstancias agravantes ou atenuantes terase en conta na resolución do expediente, ós efectos de elevar o diminuír a graduación da sanción.

A comisión da falta fora da escola ou da banda de música, non será óbice para a aplicación do presente regulamento cando se faga perante o desenvolvemento das actividades ou concertos programados pola escola ou pola banda de música. Deste xeito, será de aplicación sempre que se constate a existencia dunha relación causa-efecto coas actividades anteriormente mencionadas.

## Capítulo XIV Garantías procedimentais:

### **Artigo 70º**

Non se poderán impor sancións por faltas graves ou moi graves sen a previa instrución dun expediente.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrución de expediente, salvo o trámite de audiencia do interesado.

As condutas irregulares dos alumnos que non sexan constitutivas de faltas deberán ser corrixidas polos profesores correspondentes ou polo director, mediante métodos oportunos, que en calquera caso deberan de ser viables, educativos e non privativos ou lesivos dos seus dereitos fundamentais. En todo caso, tales correccións, terán menor gravidade que as sancións tipificadas no presente regulamento.

### **Artigo 71º**

As faltas leves sanciónaas o profesor correspondente ou o director, con coñecemento da Xunta Directiva.

A comisión de faltas graves ou moi graves sanciónanse pola Xunta Directiva pero se esta considera que non se ve competente para dictaminar unha sentenza poderá pasarlle o asunto á Asemblea Xeral para a súa solución.

De tratarse de alumnos menores de idade, porase en coñecemento dos seus pais ou titores a falta cometida e a sanción que no seu caso se impuxera.

Neste Regulamento tampouco se contempla a figura do xuíz e parte, e dicir, non poderá impoñer ou influír nunha sanción unha persoa que se vexa implicada directamente na mesma, de darse este caso deberá apartarse do proceso.

### **Artigo 72º**

Para aquelas faltas graves ou moi graves resoltas con sanción pola Xunta Directiva, permitiráselle á persoa afectada ou ós seus representantes legais no caso de ser menor de idade, recorrer á Asemblea Xeral Extraordinaria sempre e cando obteña os requisitos necesarios para que esta se convoque<sup>8</sup>.

### **Artigo 73º**

Para todos aqueles asuntos nos cales o Concello de Valga poida verse interesado ou

---

<sup>8</sup> Artigo 27 do presente Réxime de Regulamento Interno.

prexudicado, permitiráselle a tódolos afectados buscar neste ente a solución ós conflitos que manteñan con Musival.

Enténdese este ámbito como a derradeira instancia para recorrer, sen prexuízo da xurisdición ordinaria e o marco legal da Constitución como lei fundamental e superior a calquera outra normativa.

### **Artigo 74º**

A instrución do expediente disciplinario por feitos que poidan constituír falta grave ou moi grave acordarase, trala recollida da necesaria información, pola Xunta Directiva.

Se os feitos se estimaran constitutivos de faltas leves poranse en coñecemento de quen teña a competencia para sancionar este tipo de faltas.

## **Capítulo XV Prescripción e cancelación:**

### **Artigo 75º**

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós seis meses e as impostas por faltas graves ós tres meses. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Das sancións impostas pola comisión de faltas graves o moi graves conservarase constancia no expediente individual do alumno.

A cancelación das anotacións sobre sancións existentes no expediente do alumno poderán efectuarse a instancia do alumno ou dos seus representantes legais e do profesor. Para obter a cancelación será, en todo caso, necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1º Que o alumno cumprira a sanción imposta.

2º Que dende o cumprimento da sanción imposta ó alumno, transcorrese o prazo de seis meses para as faltas graves e un ano para as faltas moi graves.

3º Que o alumno, perante os prazos sinalados no parágrafo anterior, non cometese unha nova infracción constitutiva de falta.

A solicitude da cancelación formalizarase por escrito diante da Xunta Directiva, quen solicitará do director a elaboración dun informe sobre o cumprimento dos requisitos enumerados no apartado anterior. Recibido o informe, con carácter previo á resolución, daráselle audiencia ó interesado.

## Capítulo XVI Modificación do Regulamento de Réxime

### Interno:

#### **Artigo 76º**

O presente Réxime de Regulamento Interno debe ser modificado en Asemblea Xeral Extraordinaria e aprobado pola maioría dos asociados.

#### **Artigo 77º**

En caso de emerxencia e debido ás súas atribucións e axilidade no proceder, a Xunta Directiva poderá emendar algúns dos artigos do presente R.R.I segundo as necesidades. Estes cambios, teñen que aprobarse con posterioridade en Asemblea.

## Capítulo XVII Disolución da Asociación:

#### **Artigo 78º**

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1º Pola vontade dos asociados acordada polos 2/3 dos mesmos.
- 2º Por outras causas determinadas legalmente.
- 3º Por sentenza xudicial

#### **Artigo 79º**

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará ós asociados liquidadores que xunto ó Presidente e Tesoureiro procederán a liquidar os bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

#### **Artigo 80º**

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da Doazón presentarase no Rexistro de Asociacións correspondente

para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

## Outras disposicións:

### **Disposición Adicional Primeira**

A declaración de descoñecer estas normas non exime do seu cumprimento xa que son de obrigado coñecemento para tódolos asociados de Musival xunto cos músico da Escola e da Banda de Música de Valga.

### **Disposición Derogatoria**

Todas aquelas normativas anteriores non recollidas neste Regulamento de Réxime Interno deróganse salvo aquelas de rango superior, é dicir, as recollidas nos Estatutos ou na lexislación vixente.

### **Disposición final**

O presente Regulamento de Réxime Interno entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación en Asemblea, do mesmo xeito se actuará cando se trate de modificacións sobre o mesmo.